

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS COA CATEGORÍA DE "ATS- DUE".

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA: Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como ATS- DUE.

2.- RELACIÓN XURÍDICA: Nomeamento de persoal Funcionario Interino, por calquera das circunstancias previstas e reguladas no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; ou contratación laboral temporal, por calquera das circunstancias recollidas no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

3.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:

- **DENOMINACIÓN:** ATS- DUE.

- **GRUPO/SUBGRUPO DE CLASIFICACIÓN: A/A2.**
- **CLASIFICACIÓN:** Escala de Administración Especial. Subescala Técnica, Técnico/a Medio.

4.- FUNCIONS DA PRAZA/POSTO DE TRABALLO:

O cometido funcional desta praza/posto de traballo consistirá na realización das funcións propias, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Deputación provincial.

A prestación efectiva das funcións encomendadas realizarase no “Programa de prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación”, conforme aos Convenios marco interadministrativos de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para implementar e executar un sistema de servizos sociais en Centros de atención a persoas maiores e os convenios específicos para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, acordados entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos nos que se asentan os ditos Centros, ben de xeito exclusivo nun deles ou ben en varios, conforme á carteleira de distribución da xornada e horario de prestación que se deseñe polos órganos de xestión dos ditos Centros, segundo as directrices recollidas nos ditos Convenios; ou ben nas instalacións da propia Entidade provincial.

Os ocupantes destes postos realizarán as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para este. En ausencia de fixación destas na RPT, realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo Xefe da Área ou Servizo correspondente de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

Especificamente desenvolverán as seguintes:

- Avaliación integral da persoa usuaria do centro, participando na realización da valoración xeriátrica da persoa usuaria e colaborando de xeito interdisciplinar no deseño e elaboración do Plan de Atención Individual.
- Ostentar a comisión de supervisión e seguimento das persoas usuarias do centro en canto as necesidades asistenciais e da vida diaria en colaboración co equipo interdisciplinar.
- Revisar os menús e dietas alimentarias dos residentes en colaboración co médico ou médica facultativo no caso de dietas específicas.
- Revisar os menús e dietas ordinarias, dando traslado á persoa responsable do centro.
- Responsabilizarse do bo funcionamento do botiquín, levando a cabo a xestión e subministración de fármacos, así como doutros produtos sanitarios que garantan o benestar das persoas usuarias.
- Preparación das doses de fármacos cumprindo coa pauta médica.
- Tomar as constantes vitais ás persoas usuarias do centro periodicamente (presión sanguínea, pulso e temperatura).
- Colaborar co médico ou médica de referencia da persoa usuaria.
- Colaborar co resto do persoal sanitario nas actividades que sexan compatibles coa súa titulación.
- Ordenar as historias clínicas, anotar os datos relacionados coa propia función que deba figurar.
- Supervisar o cumprimento das pautas prescritas polo persoal de atención médica facultativa nos casos de persoas usuarias encamadas.
- Realizar todas aquelas curas que precisen e informar puntualmente ao Responsable do Centro da súa evolución ou de novas aparicións.
- Colaborar cos/coas fisioterapeutas nas actividades, ó nivel de cualificación das cales sexan compatibles coa súa titulación de DUE, cando as súas funcións específicas así o permitan.
- Realizar, en colaboración co Responsable do Centro, os pedidos de farmacia, analítica e radioloxía.
- Procurar o cumprimento do Réxime de Regulamento Interno do Centro, así como outras guías, documentos, protocolos que poda elaborar os servizos sociais da Deputación de Lugo, contribuíndo a mellora dos mesmos aportando suxestións dentro da súa disciplina.
- Calquera outras dentro da súa disciplina profesional.

5.- BASES DA CONVOCATORIA:

A) BASES XERAIS : Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

B) BASES ESPECÍFICAS: As bases específicas que rexeran este proceso selectivo para constituír a listaxe serán as recollidas nos seguintes apartados.

6.- REQUISITOS INDISPENSABLES. TITULACIÓN ACADÉMICA: Diplomado/a Universitario/a en ATS ou título de grado equivalente.

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- PROGRAMA.**A) MATERIAS COMÚNS.**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.- Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.

Tema 3.- As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas.

Tema 4.- Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

Tema 5.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 7.- A evolución histórica na atención ás persoas maiores. Normativa básica de aplicación.

Tema 8.- A atención das persoas maiores na Comunidade Autónoma de Galicia. Recursos, prestacións e programas de atención específica para as persoas maiores.

Tema 9.- A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. O Plan de Atención Individual nos Centros de atención ás persoas maiores. A folla de ruta persoal.

Tema 10.- Valoración xeriátrica integral; valoración funcional. Valoración mental. Valoración social. Valoración clínica. Escalas e instrumentos.

Tema 11.- Plans de Coidados en Xeriatría. Plan de Atención Individual.

Tema 12.- Xeriatría preventiva e coidados básicos no maior. Actividade Física, vacinacións, control de factores de risco.

Tema 13.- Alimentación no maior. Nutrición enteral e parenteral

Tema 14.- Utilización de fármacos no maior. Modificación farmacocinética e efectos adversos. Saúde bucodental no maior.

Tema 15.- O pé da persoa maior. Vasculopatías periféricas, neuropatías e amputacións. Problemas cutáneos no maior.

Tema 16.- Síndromes xeriátricas: incontinencia, retención urinaria, estrinximento, incontinencia fecal e diarrea.

Tema 17.- Síndromes xeriátricas: caídas, traumatismos e fracturas; inmovilidade.

Tema 18.- Síndromes xeriátricas: deterioración cognitiva; depresión e ansiedade.

Tema 19.- Coidados de vías, sondas e drenaxes.

Tema 20.- Osteoporose e fracturas no maior.

Tema 21.- Síndromes xeriátricas: úlceras por presión. Infeccións no maior. Coidados da persoa con infección.

Tema 22.- Síndromes xeriátricas: Malnutrición. Deshidratación e alteracións hidroelectrolíticas.

Tema 23.- Síndromes xeriátricas: Deprivación sensorial.

Tema 24.- Alteracións sensoriais no maior.

Tema 25.- Alteración das constantes vitais: hipotermia, hipotensión, oliguria.

Tema 26.- Trastornos Cardiovasculares. Factores de risco e patoloxía máis frecuente. Coidados da persoa con ACV. Coidados da persoa con Insuficiencia Cardíaca.

Tema 27.- Trastornos respiratorios máis frecuentes no maior. Coidados da Enfermidade Obstrutiva Crónica. A dor crónica no paciente xeriátrico.

Tema 28.- Trastornos dixestivos máis frecuentes no maior. Trastornos renais e urolóxicos máis frecuentes no maior.

Tema 29.- Trastornos endocrinolóxicos e metabólicos máis frecuentes no maior. Coidados da persoa con Diabetes Mellitus Tipo 2.

Tema 30.- Trastornos neurolóxicos máis frecuentes no maior. Coidados na enfermidade de Parkinson. Trastornos osteoarticulares máis frecuentes no maior. Coidados dos reumatismos inflamatorios e dexenerativos. Coidados Paliativos. Coidados de enfermaría ao final da vida.

Pazo Provincial, 20 de novembro de 2018.- O SECRETARIO EN FUNCIÓNS, Manuel Catiñeira Castiñeira.